


1ª. 1ª. Explica as causas, as características e as consecuencias económicas e políticas da **descolonización** en África e Asia. Describe un conflito bélico producido pola descolonización en cada un deses continentes Utiliza correctamente na túa resposta os termos Bandung, Indonesia, Indochina, países en vías de desenvolvemento e Terceiro Mundo.




2ª. Explica a evolución política de Oriente Próximo durante o século pasado partindo dos mapas que seguen. Debes usar correctamente os termos baazhista, islamista, sionista e guerra fría e contextualizar debidamente aos seguintes persoeiros: Mustafá Kemal, G. A. Nasser, David Ben Gurión, Golda Meir, Isaac Rabin, Yasir Arafat.



3ª. Explica a evolución do enfrontamento entre o bloque de estados liderado por Estados Unidos e as *democracias populares* dirixidas pola URSS entre 1947 e 1989. Debes utilizar correctamente os seguintes conceptos: Breznev, Krushev, Kennedy, coexistencia pacífica, Hungría, Checoslovaquia, Plan Marshall, Islamismo, Irán, Afganistán, Cuba, e Nicaragua, ademais dos referidos ás organizacións que aparecen no mapa, para salientar:

- As características dos sistemas económicos e políticos de ambos os dous bloques.
- A orixe, a evolución e as consecuencias dos conflitos indicados no mapa.



Docto 5: HARRY S. TRUMAN: Declaración oficial á prensa, o 27 de xuño de 1950.

“As forzas gubernamentais que estaban armadas en Corea para impedir os ataques na fronteira e preservar a seguridade interior foron atacadas por unidades procedentes do Norte... O ataque contra Corea demostra que o comunismo sobrepasou o estado da subversión para conquistar nacións independentes e fará uso no sucesivo da invasión armada e da guerra. Desafiou as ordes do Consello de Seguridade emitidas para preservar a paz e a seguridade internacional. Nestas circunstancias, a ocupación de Formosa por forzas comunistas constituiría unha ameaza directa para a seguridade na rexión do Pacífico e para as tropas dos Estados Unidos que cumpren alí as súas misións lexítimas e necesarias”.

Docto 6: **chiste espallado na Unión Soviética despois do pasamento de Stalin**

Un porco cruzou diante da limusina ZIL blindada de Stalin cando viaxaba por Ucraína. Mandou ao chofer para indemnizar aos donos do animal. Este tardou 3 horas en volver, visiblemente bébedo e satisfeito. O ditador preguntoulle por qué tardara tanto e o chofer explicoulle que o granxeiro o convidou a beber vodka e que a súa dona agasollouno cun asado cando el lles dixo quen era e que acababa de matar ao porco.

Docto 7: FIDEL CASTRO: Segunda Declaración da Habana, 4 de febreiro de 1962

«Frente á acusación de que Cuba quere exportar a súa revolución, respondemos: as revolucións non se exportan; fanas os pobos. O que Cuba pode dar aos pobos e deu xa é un exemplo. ¿E que ensina a revolución cubana?. Que a revolución é posible, que os pobos poden facela, que no mundo contemporáneo non hai forzas capaces de impedir o movemento de liberación dos pobos.

O noso trunfo non tería sido endexamáis factible se a revolución mesma non estivese inexorablemente destinada a xurdir nas condicións existentes na nosa realidade económico-social, realidade que existe en grado aínda maior nun bo número de países de América Latina».

4ª. Explica a evolución social e política interna dos Estados Unidos durante os anos da Guerra Fría salientando os conflitos derivados da segregación racial e da vaga de pacifismo que se opuxo á guerra de Vietnam.

Docto. 8: Discurso pronunciado por M. Luther King o 28-VIII-1963 en Washington D.C., diante de 200.000 manifestantes en prol dos dereitos humanos e co monumento a A. Lincoln ao fondo.

“... Un gran estadounidense, cuya simbólica sombra nos cobija hoy, firmó la Proclamación de la emancipación... Llegó como un precioso amanecer al final de una larga noche de cautiverio. Cien años después, el negro aún no es libre... La vida del negro es aún tristemente lacerada por las esposas de la segregación y las cadenas de la discriminación; cien años después, el negro vive en una isla solitaria en medio de un inmenso océano de prosperidad material... Languidece en las esquinas de la sociedad estadounidense y se encuentra desterrado en su propia tierra.

Por eso, hoy hemos venido aquí a dramatizar una condición vergonzosa ... Hemos venido a la capital de nuestro país, a cobrar un cheque. Cuando los arquitectos de nuestra república escribieron las magníficas palabras de la Constitución y de la Declaración de Independencia, firmaron un pagaré del que todo estadounidense habría de ser heredero ... Era la promesa de que a todos los hombres, les serían garantizados los inalienables derechos a la vida, la libertad y la búsqueda de la felicidad ... Estados Unidos ha incumplido ese pagaré en lo que concierne a sus ciudadanos negros. En lugar de honrar esta sagrada obligación, Estados Unidos ha dado a los negros un cheque sin fondos ... Rehusamos creer que no haya suficientes fondos en las grandes bóvedas de la oportunidad de este país. Por eso hemos venido a cobrar este cheque; el cheque que nos colmará de las riquezas de la libertad y de la seguridad de justicia.

... Es el momento de sacar a nuestro país de las arenas movedizas de la injusticia racial ... Sería fatal para la nación pasar por alto la urgencia del momento y no darle la importancia a la decisión de los negros ... A pesar de las dificultades del momento, yo aún tengo un sueño. Es un sueño profundamente arraigado en el sueño "americano". Sueño que un día esta nación se levantará y vivirá el verdadero significado de su credo: "Afirmamos que estas verdades son evidentes: que todos los hombres son creados iguales". Sueño que un día, en las rojas colinas de Georgia, los hijos de los antiguos esclavos y los hijos de los antiguos dueños de esclavos, se puedan sentar juntos a la mesa de la hermandad.



Docto 9: Membros da Garda Nacional de Arkansas negan o acceso ao instituto a unha estudante afroamericana.



Docto 10: Dous nenos vítimas da guerra étnica en Xugoeslavia: Aladín (bosniaco) e Sonia (servocroata).

Docto 11: Visiona na canle Youtube a película [Savior](https://www.youtube.com/watch?v=GQzG3ye8JOA) sobre a guerra de Xugoslavia: <https://www.youtube.com/watch?v=GQzG3ye8JOA> ou en <https://www.youtube.com/watch?v=QeXjH0fojAI> (versión orixinal en inglés).